MONTE ALOIA E O HOME

HISTORIA

Monte Aloia sempre mantivo unha relación estreita e manifesta co home e os seus cumios resultaron ocupados por diversas culturas ao longo da historia. Son alturas que despuntan sobre o extenso e fértil val do tramo final do río Miño, que desemboca nese Atlántico surcado outrora por un trasego constante de xentes e linguas, metais, cultos e culturas, cumios polo tanto idóneos para albergar a xentes en busca de abrigo, defensa e sustento. Estes homes e cultos foron dando a este enclave un carácter sacro, cunha pervivencia que se mostra hoxe aderezada por un sinfín de mitos e lendas.

Son numerosas as historias que atesoura o Aloia e moitos os historiadores que achegan teorías relativas a outros tempos. Alúdese incluso a él coma orixe poboacional do núcleo de Tui. O certo é que foi ocupado por diferentes culturas desde, polo menos, o tempo paleolítico, conforme evidencian os diversos achádegos arqueolóxicos atopados. O Aloia alberga restos paleolíticos (sobre todo útiles de pedra), enterramentos megalíticos, petroglifos do bronce, poboado castrexo no Alto dos Cubos e a imponente muralla tardorromana.

Muralla ciclópea

Este recinto amurallado que rodea a parte superior do monte ten máis de tres kilómetros de perímetro prospectados e é denominada ciclópea pola dimensión dalgúns perpiaños. Construíuse para facer fronte á invasión sueva do século V; posteriormente serviu de refuxio nas invasións árabes ou vikingas. Hai quen defende outras teorías ao respecto da súa orixe: castro prerromano, cidade fundada polos gregos, ou incluso solar do heroico e célebre monte Medulio.

A referencia escrita máis antiga sobre o Aloia da que hai testemuño data de 1095. Un documento mediante o que Dona Urraca -que compartía co seu marido o goberno de Galicia- concede o señorío temporal de Tui ao bispo Aderico precisando o marco de dita concesión, onde se menciona o propio monte, e engadindo que o lugar recolle as reliquias de san Xiao. Este santo, considerado mártir, dá nome ao alto do parque natural, en razón denominado alto de san Xiao. Aquí hai unha ermida reconstruída sobre a base dun anterior templo románico, quen sabe se, á súa vez, sobre outro emprazamento sacro máis antigo. O vía crucis que parte da ermida e culmina na Gran Cruz -un dos máis emblemáticos miradores do alto-, a moi antiga fonte coñecida como Fonte do Santo, ou a mesma Cama de san Xiao, pedra onde posiblemente se rendía un culto prerromano, son distintos ritos e elementos que dan fe de todo isto.

Mostra fidedigna da importancia arqueolóxica que reviste o parque son os restos paleolíticos atopados en Campo Grande, a presenza de enterramentos megalíticos, como as mámoas de Chan Longa, os petroglifos de A Macoca ou o núcleo castrexo de Alto dos Cubos.

Morteiro castrexo realizado en cuarcita e muíño navicular de granito. Ambos os elementos atopados no Castro Alto dos Cubos.

ETNOGRAFÍA

Da relación home-natureza xorden elementos etnográficos, que son outro dos valores que este parque natural ofrece. Bo exemplo de aproveitamento hidráulico e mostra da nosa arquitectura tradicional, os muíños de auga preséntanse como construcións primordiais para a economía das xentes até non hai moito tempo. Ademais de testemuñar un modo de vida en harmonía co medio, tamén indican unha secular actividade agrícola en torno a eles. Recordemos que dos muíños era obtida a moenda de millo, centeo, trigo… elementos fundamentais na alimentación de moitas familias.

Podemos atopar muíños que abarcan un período de actividade nalgúns casos superior aos douscentos anos -os máis antigos datan de 1719-. Están situados nos ríos Deique e Tripes, en tramos con gran variedade de formas de vida que contribúen a realzar a beleza destes lugares.

Dentro ou nos límites do parque natural, hai ao redor dunha vintena de muíños reconstruídos que se atopan en dúas das rutas autoguiadas. Un paseo por estas sendas axudaranos no exercicio de imaxinar e recrear aqueles momentos nos que era incesante o ir e vir dos carros cargando o gran e a moenda, actividade visible hoxe grazas ás rodeiras que foron gravando nas pedras dos camiños que conducen a estes muíños.

ACTIVIDADES EDUCATIVAS E RECREATIVAS

Que facer?

O parque dispón de instrumentos e infraestruturas que posibilitan e facilitan o desenvolvemento de actividades turísticas, recreativas ou educativas, cunha clara tendencia cara á educación e un enfoque baseado no respecto por o medio ambiente.

Centro de visitantes

Ubicado na antiga casa forestal, esta curiosa construción proxectada e realizada no ano 1921 polo enxeñeiro Areses, alberga desde o año 1998 o centro de visitantes e interpretación do parque. É un equipamiento de obrigada visita que ten apertura diaria e entrada gratuita.

No centro de visitantes do parque está centralizada toda a información referida a este espazo protexido: exposicións interactivas permanentes, xogos, maquetas, folletos e boletíns divulgativos. Dispón tamén dunha sala de exposicións temáticas temporais e outra de audiovisuais onde, ademais de proxeccións, se organizan cursos, charlas e conferencias.

A educación ambiental ten un destacado papel e desenvólvese ao través de programas de actividades que promove a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, como o programa "Vive ao Natural" que se leva a cabo nos parques naturais da nosa comunidade. Neles, os participantes realizan unha serie de actividades que os axudan a coñecer mellor estes espazos protexidos.

Tamén se desenvolven programas especiais, como a Semana da Árbore, e celebracións coma o Día Europeo dos Parques, o Día Mundial do Medio Ambiente ou o aniversario do parque.

No ano 2005 concedéuselle ao centro de interpretación o distintivo "Compromiso de Calidade Turística", promovido polo Patronato de Turismo Rías Baixas, en recoñecemento do servizo e atención que presta aos visitantes.

RUTAS AUTOGUIADAS

Existen cinco rutas de senderismo autoguiadas que conducen a aqueles lugares máis destacados e significativos do parque natural. Todas elas, ademais de sinalización, dispoñen de folletos con datos técnicos, descrición do percorrido e información sobre a fauna e flora observables. Estas rutas poden realizarse de forma individual ou enlazando varias entre sí.

Senda Botánica

Está situada nas inmediacións do centro de visitantes. É un percorrido de aproximadamente 700 metros, dos que gran parte transcorren acompañando un pequeno regato chamado Tabernas.

Ao realizar esta pequena ruta e, nunha visita curta, pódese obter unha aproximación ou idea xeral da vexetación que existe no parque. Unha serie de paneis situados fronte a árbores, arbustos, brións, liques... axudan a identificar até unha trintena de especies. Neles explícanse varias das súas características, coma usos tradicionais, propiedades mediciñais, interese para a fauna, etc.

O paseo tamén invita a gozar dos tranquilos recantos polos que transcorre. Primavera e outono son os momentos máis recomendados para a visita, ao seren os de meirande contraste e cromatismo.

Cabana-Cabaciña

Esta ruta iníciase preto do alto de san Xiao. Ten un percorrido de 2 km e comeza coa subida ao alto de Cabaciña, afloramento granítico que ofrece unha sorprendente panorámica. Finaliza despois de percorrer a senda de Udencias coa súa rica vexetación e diversidade. Esta senda acompaña o río Tripes dende o seu nacemento até as pozas de Cabana. Rocha e auga son elementos que destacan na ruta e característicos deste parque.

Muíños de Paredes

Os 10 km de percorrido, que cruzan gran parte da superficie do parque natural, adéntrannos no corazón do Aloia e permite contemplar varias unidades de vexetación. O itinerario, de ida e volta, acusa un pronunciado desnivel e está considerado de dificultade media. Na parte final da ruta atópase unha zona na que se concentran varios muíños de auga no leito do río Deique, afluente do Louro que nace no parque.

Rego de Pedra

O "rego" é unha canalización feita en pedra que transcorre por parte da ruta e que foi construído coa finalidade de transportar auga aos campos de cultivo de Frinxo, aldea que limita co parque natural. Despois de pasar polo alto de Perdurán, chégase ao "rego de pedra" e percórrese na súa totalidade. A sobreira é unha árbore que abunda aquí favorecida pola orientación de solana. A ruta finaliza no inicio da Senda Botánica.

Castro Alto dos Cubos

Ruta cun destacado interese arqueolóxico, que leva até un poboado castrexo, testemuña da presenza humana antes da romanización. Partindo de Frinxo e, nun percorrido de ida e volta con moi pouca dificultade, chégase até este xacemento. Ao atoparse o enclave nunha zona elevada, tamén permite contemplar unha ampla panorámica do río Miño ao seu paso por Tui.

Muíños de Tripes

Situada ao sur do parque e ao lo longo duns 3 km, pódese camiñar ao pé do río Tripes, afluente do Miño, e ascender polas súas marxes. O traxecto percorre un tramo do río onde hai muíños, pequenas construcións que dan máis encanto á ruta. O camiño ascende ao principio entre campos de cultivo, e continúa despois adentrándose nunha zona onde a vexetación de ribeira se atopa ben conservada.

Uso recreativo

O uso recreativo está fortemente enraizado na poboación local, que se concentra en determinadas áreas durante as fins de semana, sobre todo estivais. Cabe aquí destacar as romarías de san Xiao, Nosa Señora das Angustias e san Fins, que se celebran o 27 de xaneiro, primeiro domingo de xullo e de agosto respectivamente, e que contan cun elevado número de asistentes.

A parte alta ou alto de san Xiao dispón de cinco miradoiros que ofrecen extraordinarias vistas panorámicas, tanto do val do último tramo do río Miño como das rías máis meridionais e as súas illas. Nesta parte do monte tamén se atopa a meirande oferta recreativa do parque, constituída por merendeiros, parque infantil, fontes, aparcadoiros, bar-restaurante e servizos públicos. Hai outras zonas onde tamén hai áreas recreativas, como Cabana, A Macoca, san Fins ou Muíños de Paredes.

1. Miradoiro “O Castelo”
2. Acceso principal
3. Alto de san Xiao
4. Ermida de san Fins
5. Cama de san Xiao
6. Miradoiro “Gran Cruz”
7. Miradoiro “Enxeñeiro Areses”




1
2
3
4
5
6
7

1. Fervenza de Frinxo
2. Regato Tabernas
3. Paisaxe de outono
4. Regato no inverno
5. Senda Botánica
6. Afloramentos graníticos



1	3	5
2	4	6

NORMATIVA e RECOMENDACIÓNS

Monte Aloia é un ESPAZO NATURAL PROTEXIDO e, como tal, está obrigado á CONSERVACIÓN dos seus valores. Aínda así, todos PODEMOS e debemos participar en dita conservación. Lembra que, CONSEGUILO nos implica a TODOS.

Teñamos en conta que hai moitas cousas que podemos facer

- Respecta a sinalización e os lugares habilitados para o estacionamiento de vehículos. Hai zonas onde non está permitida a circulación de vehículos motorizados.

- O lixo contamina, pode causar dano aos animais e, dende logo, afea. Non o tires e fai o exercicio de concienciar: recólleo. Lembra que moitos son os visitantes que se achegan a este lugar e moito o lixo que se xera.

- A cuberta vexetal é mui importante na sucesión ecolóxica e na evolución do solo. Se saímos das sendas estamos perxudicándoa, ao igual que abrindo novos camiños provocando que a xente se perda. Non saias dos camiños.

Se arrincamos follas, flores ou froitos estamos impedindo o desenvolvemento das plantas. Lembra que hai endemismos, especies de gran importancia.

O lume é o peor inimigo dun bosque. Nunca o fagas no chan e utiliza só aquelas zonas destinadas ao efecto, sen olvidarte de apagalo ben antes de marchar.

Os regatos nos dan auga e son hábitat de vexetais e animais que, nalgúns casos non se poden observar a simple vista pero, están aí. Non contamines a auga, mantén a súa calidade e racionaliza o seu consumo. É un recurso esgotable e imprescindible para a vida.

O ruído é outro tipo de contaminación, molesta e pode provocar alteracións na fauna e na tranquilidade do lugar; evítao.

TELÉFONOS de INTERESE

Centro de Visitantes	986 685 095
Servizo Conservación da Natureza	986 805 469
Bar/Restaurante Monte Aloia	986 685 160
Mesón Sombraboa	986 603 236
Turismo Rural "O Rozo"	986 627 979
Agarimo (Turismo Rural Sur Pontevedra)	986 644 631
Taxis de Tui	986 600 791
Turismo Tui (Xunta de Galicia)	986 601 789
Biblioteca Municipal. Sala exposicións	986 607 027
Centro de Saúde	986 601 800

Bibliografía:

Arcea. (2003). *Catalogación da avifauna do Parque Natural do Monte Aloia. I Período invernal.* Servizo Provincial de Medio Ambiente Natural de Pontevedra. Informe inédito.

Arcea. (2006). *Catalogación da avifauna do Parque Natural do Monte Aloia. II Aves nidificantes.* Servizo Provincial de Medio Ambiente Natural de Pontevedra. Informe inédito.

Arcea. (2001). *Catalogación e proposta de Xestión da Herpetofauna do Parque Natural do Monte Aloia.* Servizo Provincial de Medio Ambiente Natural de Pontevedra. Informe inédito.

Arcea. (2005). *Los anfibios y reptiles del Parque Natural del Monte Aloia.* Xunta de Galicia.

Arcea. (2005). *Catalogación e cartografía dos Hábitats de Interese Comunitario presentes no Parque Natural do Monte Aloia.* Informe inédito.

Arcea. (2006). *Atlas da Flora Vascular exótica invasora no Parque Natural do Monte Aloia*.Informe inédito.

Blanco-Dios, J.M. (1999). *Catálogo de la flora vascular. Parque Natural Monte Aloia*. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia.

Blanco-Dios, J.M. (2005). *Guía da flora do Parque Natural do Monte Aloia*. Xunta de Galicia.

Consellería de Medio Ambiente (2000). Don Rafael Areses Vidal. Biografía dun home dedicado ós bosques de Galicia. Xunta de Galicia.

Fernández, A.; Domínguez, M. (2006). *Caracterización Ambiental da Senda das Udencias*. Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia. Informe inédito.

Jiménez, J.R. (2004). *Diccionario etnográfico y toponímico de la Hispania Antigua*. Ed. Minor Network.

López de Silanes, E; Seijo, J;Pérez, C. (2004). *Líquenes saxícolas del Monte Aloia*. Informe inédito.

Lorenzo, M; Arcos, F. & Planelles, P. (2000). *Plan de Ordenación dos Recursos Naturais. Parque Natural do Monte Aloia*. Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia.

Novoa Docet, F. (2003). *Informe sobre los coleópteros epiedáficos y edáficos del Parque Natural del Monte Aloia*. Informe inédito.

Perles Fontao, J.J.(2002). Rutas Arqueológicas en el Parque Natural del Monte Aloia. Informe inédito.

Otero, J.C. (2005). *Las Mariposas (ropalóceros) del Parque Natural Monte Aloia*. Xunta de Galicia.

Schmalenberger, H; Lamosa, A; Pardavila, X. (2006). *Inventario de Mamíferos en el Parque Natural del Monte Aloia*. Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia. Informe inédito.

* * * * *

AGRADECEMENTOS

Queremos agradecer a axuda para levar a cabo este traballo de Gonzalo Puerto, director-conservador do parque natural; Santiago Pérez Poza, biólogo do Servizo de Conservación da Natureza; Manuel Lorenzo, axente forestal do parque; así como a todo o personal que traballa no Aloia. Por outro lado, tamén agradecer a Jaime Blanco-Dios, Ana Cabaleiro, Pilar Cabezas e Rubén Jiménez, as súas aportacións e apoio incondicional.

Centro de visitantes

Senda Botánica

Párking

Mirador

Fonte

Área recreativa

Bar-Restaurante
WC

Ermida

Muíño

Poboado castrexo

Poboacións

Autovía A-55

Estrada principal

Estrada secundaria

Camiño forestal

Ríos e regatos

Sendeiro de pequeno percorrido galego

Rutas do parque natural

1 Cabana-Cabaciña

2 Muíños de Paredes

3 Rego de Pedra

4 Castro Alto dos Cubos

5 Muíños do Tripes


PR-G 2
Río San Simón
alto
de
san Xiao
1
Regato
das Udencias
2
P
3
Regato
Tabernas
San Fins
2
Río Deique
2
Paredes
Foxo
Devesa
Río Rebordáns
Frinxo
4
5
Río Tripes
Herdeiros